# CIENCIAS DA NATUREZA 1ºB



# Ola Chicos e Chicas de 1ºB

Preparei unhas actividades de repaso para facer nas vosas casas.

Podedes facelas nunha libreta, imprimir as follas e cubrilas ou ben facelas  oralmente coa axuda  da vosa familia.

Agora como xa tendes o libro de texto, podedes rematar as actividades que por diferentes circunstancias vos quedaron sen facer.

Moito ánimo que axiña nos veremos.

O profe  Juan Pedro

# Animais moi diferentes




Hai animais que teñen o corpo cuberto de **pelo**.




Algúns animais protexen o corpo con **escamas**.




Outros animais teñen o corpo cuberto de **plumas**.




Tamén hai animais que teñen o **corpo espido**.

PENSAMENTO

Observa este animal e explica como é. Por que cres que ten o pelo mesto e de cor branca?



1 Escribe nomes de animais que coñezas.



**Viven na Terra**

xabaril rato



**Viven na auga**

golfiño polbo

2 **TEMPO PARA ESCRIBIR.** Comparade estes animais e completade.



cabalo



avestruz

Parécense

Diferéncianse

A maioría dos animais teñen o corpo cuberto de pelo, de plumas ou de escamas.

# Os animais desprázanse

Os animais desprázanse dun lugar a outro de diferente forma.



O guepardo **anda**.



Os peixes **nadan**.



O voitre **voa**.



A serpe **repta**.

1. Que partes do corpo usa cada animal para desprazarse?

as ás | as patas | as aletas







2 Como se desprazan estes animais? Onde o fan? Escribe.



tiburón



gato



cegoña

O tiburón ______ na auga.

______

______

3 **TEMPO PARA FALAR.** Escolle un animal e fala sobre el.







- Que animal é?
- Onde vive?
- Como protexe o corpo?
- Como se despraza?

Os animais andan, voan, nadan ou reptan para desprazarse dun lugar a outro.